



**TITULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS**

Escola Superior de Conservación e Restauración de BBCC de Galicia

**Prácticas externas**

Obrigatoria de especialidade

Curso: 4º

Anual

6 ECTS

**Práctica**

**Profesora titora: M. Rosario López Díaz**

**charolopezdiaz@edu.xunta.gal**

**Horario:** Externo ás actividades lectivas. Titorías informativas por parte da coordinación

**DESCRIPCIÓN DA MATERIA**

Formación práctica no ámbito profesional. Práctica da conservación-restauración que aborde a complexidade do proceso global de conservación-restauración.

**COMPETENCIAS TRANSVERSAIS**

T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T6	Realizar autocrítica cara ao propio desempeño profesional e interpersonal.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtivas no traballo en equipo.
T9	Integrarse adecuadamente en equipos multidisciplinares e en contextos culturais diversos.
T10	Liderar e xestionar grupos de traballo.
T11	Desenvolver na prácticas laboral unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, ambiental e cara á diversidade.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
T14	Dominar a metodoloxía de investigación en xeración de proxectos, ideas e solucións viables.



T17	Contribuír coa súa actividade á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.
<b>COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN</b>	
X6	Acadar coñecementos críticos sobre a metodoloxía, estratexias de actuación, tratamentos e emprego de materiais para a conservación e restauración.
X8	Desenvolver habilidades, destrezas e sensibilidades para aplicar e realizar os tratamentos de conservación e restauración.
X12	Elaborar proxectos de conservación-restauración, determinar follas de prescricións técnicas e elaborar orzamentos.
X13	Dirixir equipos de conservación-restauración.
X14	Coñecer a lexislación relativa ao exercicio profesional e aos recursos básicos para a incorporación ao mercado laboral.
X15	Coñecer os riscos laborais e as medidas e normas de seguridade e saúde, e a súa aplicación para o/a restaurador/a, os bens culturais e o ambiente.
X18	Documentar calquera dato derivado do estudo e proceso dos tratamentos de conservación e restauración que contribúa a facilitar a comprensión e coñecemento do ben cultural.
<b>COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE</b>	
EE1	Diagnosticar as alteracións dos bens escultóricos e dos seus materiais constitutivos mediante o seu exame, identificación, análise e valoración.
EE2	Decidir e executar os tratamentos de conservación e restauración de bens propios da especialidade máis adecuados a cada caso, poñendo en práctica os coñecementos, os criterios, os procedementos técnicos e as habilidades e destrezas adquiridas.
EE3	Redactar e dirixir proxectos de conservación e restauración dos bens que integran a especialidade de escultura e asesorar tecnicamente na súa realización.
EE4	Planificar, documentar e facer o seguimento do proceso de conservación e restauración de obras de arte escultóricas, aplicando a metodoloxía de traballo pertinente.

### PLANIFICACIÓN DOCENTE

Metodoloxías	Horas aula	Horas fóra	Total
Prácticas externas		150	150

### METODOLOXÍA DOCENTE

Metodoloxía	Descrición
Actividades introductorias	Actividades encamiñadas a presentar a disciplina e tomar contacto co alumnado.
Convenio de prácticas	<p>A disciplina de Prácticas Externas queda recollida na ORDE do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais en desenvolvemento do Decreto 174/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais, nas especialidades de Bens Arqueolóxicos, Escultura e Pintura na Comunidade Autónoma de Galicia (<i>DOG</i>, n. 230 do 1 de decembro de 2016, en diante, Orde 21/2016 OCR).</p> <p>Co obxectivo de vincular os coñecementos teóricos acadados á participación e toma de decisións no ámbito profesional e capacidade de emprendemento relacionados cos estudos, á aplicación de ditos coñecementos e preparación do alumnado para o exercicio de actividades profesionais, co fin de facilitar a súa empregabilidade; realízanse prácticas en entidades colaboradoras do marco da conservación-restauración, coa Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia (en diante, ESCRBCG). Dita colaboración queda subscrita mediante convenio.</p> <p>A ESCRBCG estimulará a busca permanente de institucións e empresas coas que chegar a acordos desta índole, co obxectivo de permitir ao alumnado acadar unha mellor cualificación e futura adaptación aos postos de traballo no ámbito da conservación-restauración.</p> <p>Os centros de traballo que acollan o alumnado deberán asinar o citado convenio coa ESCRBCG. Previamente deberán determinarse de xeito individualizado para cada alumno/a o calendario, horario, responsable do cumprimento do convenio por ambas partes e a definición das tarefas nas que o alumno terá que participar. Cada entidade designará un titor que se encargará do seguimento das prácticas, facilitará e emitirá un informe sobre o seu desenvolvemento e a súa avaliación segundo o procedemento establecido no Regulamento de Prácticas Externas da ESCRBCG. A tutela debe ser efectiva (art. 39.1.g da Orde 21/2016 OCR) polo que é necesaria a presenza dun titor</p>



	conservador-restaurador que a desenvolverá no horario establecido para tal fin.
Obxectivos das prácticas	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Contribuír á formación integral do alumnado complementando a súa formación teórica e práctica.</li> <li>• Facilitar o coñecemento da metodoloxía de traballo adecuada á realidade profesional en que o alumnado deberá operar, contrastando e aplicando os coñecementos acadados.</li> <li>• Favorecer o desenvolvemento de competencias xerais, transversais e específicas asignadas á disciplina e as competencias metodolóxicas, persoais e participativas.</li> <li>• Obter a experiencia práctica que lle facilite a inserción no mercado laboral.</li> <li>• Favorecer os valores da innovación, a creatividade e o emprendemento.</li> </ul>
Tipos de prácticas	<p>O alumnado poderá realizar prácticas curriculares ou extracurriculares mais só forman parte do plan de estudos as curriculares.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Prácticas curriculares: Actividades obrigatorias de especialidade integradas no Plan de Estudos.</li> <li>• Prácticas extracurriculares: Actividades de carácter voluntario que non forman parte do plan de estudos e se recollerán no Suplemento Europeo ao Título (SET).</li> </ul>
Recoñecemento de créditos ECTS	<p>O recoñecemento de créditos poderá realizarse:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Por experiencia laboral e profesional, acreditada coa documentación que corresponda que poderá ser recoñecida en forma de créditos ECTS, de modo total (150 horas) ou parcial, cando exista relación directa coas competencias asociadas ao título.</li> </ul> <p>O recoñecemento da totalidade dos créditos ECTS non incorporará cualificación e debe figurar como cualificación a notación REC (recoñecida), e sen que conte para os efectos da baremación do expediente académico do alumnado (ART. 15. 8 da Orde 21/2016 OCR).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Por realización de prácticas acreditadas cursadas nun título integrado nunha rama de coñecemento de ensinanzas universitarias directamente relacionada coas ensinanzas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Artes e humanidades.</li> <li>○ Ciencias.</li> <li>○ Enxeñaría e Arquitectura.</li> </ul> </li> <li>• O recoñecemento será total ou parcial en relación 1 ECTS por cada 25 horas realizadas.</li> </ul>



	<p>A cualificación obtida non se terá en conta para os efectos da cualificación. Se o recoñecemento de créditos ECTS for total, manterase a cualificación obtida polo alumnado nas prácticas curriculares superadas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>O alumnado que teña superado o módulo profesional de Formación en Centros de Traballo das ensinanzas de formación profesional de grao superior, relacionado directamente coa especialidade dos estudos superiores que está cursando (segundo o anexo 2.e do Real decreto 1618/2011, do 14 de novembro), seranlle recoñecidos parcialmente créditos ECTS asociados á disciplina de Prácticas Externas, segundo o número de horas realizadas no módulo superado (en relación 1 ECTS por cada 25 horas realizadas). Para o recoñecemento da totalidade dos créditos ECTS asociados ás Prácticas Externas, o alumnado deberá completar e acreditar as horas asignadas a estas. <p>A cualificación obtida polo alumnado no módulo de Formación en Centros de Traballo, non se terá en conta para ningún efecto de recoñecemento de créditos ECTS. No expediente académico figurará coa notación REC (recoñecida).</p> <li>Tamén se poderán recoñecer créditos ECTS asociados a disciplinas das ensinanzas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais ao alumnado que teña superado cursos de especialización referidos a un título oficial de técnico superior de formación profesional sempre que se acredite oficialmente en créditos ECTS.</li> </li></ul> <p>O recoñecemento poderá ser total ou parcial. En caso de recoñecemento parcial o alumnado deberá completar as prácticas na relación de 25 horas por crédito ECTS non recoñecido (art. 14.6 da Orde 21/2016 OCR).</p>
<p>Actividades a desenvolver por parte do alumno</p>	<p>Prácticas relacionadas coa área de conservación e restauración: conservación curativa e/ou preventiva, investigación científica, restauración, elaboración de informes, presupostos, exposicións, almacenaxe, montaxe, traslado ou calquera outra que relacione estreitamente os estudos cursados co ámbito laboral do título.</p> <p>As PE serán realizadas polo alumnado en empresas, institucións, estudos ou talleres en que a actividade principal se desenvolva no ámbito profesional da especialidade correspondente, en tarefas directamente relacionadas coas competencias específicas acadadas polo alumnado ao longo dos seus estudos.</p>
<p>Duración das prácticas</p>	<p>As Prácticas Externas terán unha duración mínima de 150 horas distribuídas en horarios establecidos de acordo coas súas características e as disponibilidades da entidade colaboradora. Procurarase que os horarios sexan compatibles coa actividade académica formativa<sup>1</sup>.</p>

<b>SISTEMAS DE AVALIACIÓN</b>		
<b>Valoración</b>	<b>Criterios</b>	<b>% avaliación</b>
<b>Titor do centro de prácticas</b>	<b>Informe de avaliación:</b> Unha vez finalizadas as prácticas, o titor do alumno/a na empresa remitirá ao coordinador de PPEE o informe de avaliación segundo o ANEXO III do Regulamento de Prácticas Externas da ESCRBCG. No anexo recolleranse aspectos como a puntualidade, asistencia, aplicación de coñecementos previos adquiridos incluíndo a prevención de riscos no ámbito da conservación e restauración, a capacidade de traballo en equipo, implicación, achega de ideas, meticulosidade...	80%
<b>Profesor-coordinador de PPEE</b>	<b>Memoria de fin de prácticas:</b> Antes de finalizar o período de avaliación na convocatoria ordinaria, o alumno deberá remitir ao coordinador de PPEE a memoria final de práctica.  Valoraranse: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Calidade e rigor técnico da memoria, redacción e ortografía.</li> <li>• Correlación correcta de entregas solicitadas.</li> </ul>	20%
<b>Total</b>		<b>100%</b>
<b>OUTRAS OBSERVACIÓNS RESPECTO DA AVALIACIÓN E MEDIDAS DE RECUPERACIÓN</b>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>• A realización da disciplina de prácticas externas é obrigatoria para acadar a titulación.</li> <li>• As Prácticas Externas (PE) disporán de <b>dúas convocatorias, ordinaria e extraordinaria</b> (arts. 10.6 e 12.1 da Orde 21/2016 OCR).</li> <li>• En caso de que a valoración das Prácticas Externas non resulte positiva, indicaranse as modificacións e melloras a realizar no destino solicitado e/ou na Memoria de Prácticas de cara á convocatoria extraordinaria.</li> <li>• De modo excepcional, poderase autorizar a realización de prácticas ao alumnado con disciplinas pendentes se a suma dos créditos asociados non é superior a 18 ECTS.</li> <li>• A determinación do calendario estará a disposición do alumnado dende o comezo do curso escolar.</li> <li>• A información referida á materia atoparase na plataforma Moodle.</li> <li>• En caso de posible avaliación telemática non se prevén variacións en criterios, nin de outro tipo, con respecto á avaliación presencial.</li> </ul>		

1 Polo xeral os períodos de prácticas comezan no mes de maio en convocatoria ordinaria.



## ATENCIÓN PERSONALIZADA

O/A coordinador/a de prácticas atenderá as solicitudes de información do alumnado no horario específico establecido para titorías, dende o inicio ata o remate do curso. O alumnado tamén poderá comunicarse co coordinador a través de:

- Correo electrónico corporativo: [charolopezdiaz@edu.xunta.gal](mailto:charolopezdiaz@edu.xunta.gal).
- Plataforma Moodle (plataforma de aprendizaxe empregada pola Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia, de acceso mediante contrasinal a través da pestana AULA VIRTUAL).